



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G003/000285

RESOLUCIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN EXPTE. DE CONTRATACIÓN OBRA "CAMIÑO XERAL DE ALBIXOI EN DIRECCIÓN CABRUI E OUTROS" PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS 2019-2020. C10/2019

EXPEDIENTE:2019/G003/000285

ANTECEDENTES:

Negociado: Contratación.

Expte: C 10/2019

D. MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde do Concello de Mesía (A Coruña), en uso das facultadas que me confire o apartado 1 da Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

Sobre a base do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 11 de xullo de 2019 no que se aprobou o proxecto da obra denominada "CAMIÑO XERAL DE ALBIXOI EN DIRECCIÓN CABRUI E OUTROS" incluída no Plan de mellora de camiños municipais 2019-2020, cun orzamento total de OITENTA E NOVE MIL TRESCENTOS CINCO EUROS CON OITENTA E DOUS CÉNTIMOS (89.305,82 €), IVE incluído.

Visto que por providencia desta Alcaldía de data 6 de agosto de 2019, na que se xustifica a necesidade da presente contratación así como a non división en lotes do obxecto do contrato, iniciouse o expediente de contratación desta obra, por procedemento aberto simplificado.

Incorporados ó expediente todos ós documentos preceptivos, cómpre aprobar o expediente para a contratación da obra, polo que de acordo co artigo 117 da citada Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación (que inclúe o prego de cláusulas administrativas anexo ao presente acordo), por procedemento aberto simplificado, da obra "CAMIÑO XERAL DE ALBIXOI EN DIRECCIÓN CABRUI E OUTROS", cun importe de OITENTA E NOVE MIL TRESCENTOS CINCO EUROS CON OITENTA E DOUS CÉNTIMOS (89.305,82 €), desglosado nun valor estimado de SETENTA TRES MIL OITOCENTOS SEIS EUROS CON CORENTA E SEIS CÉNTIMOS (73.806,46 €), e o imposto sobre o valor engadido de QUINCE MIL CATROCIENTOS NOVENTA E NOVE EUROS CON TRINTA E SEIS CÉNTIMOS (15.499,36 €), co seguinte desglose de anualidades:



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G003/000285

ANUALIDADE	ORZAMENTO (S/IVE)	IVE	ORZAMENTO TOTAL
2019	36.903,23	7.749,68 €	44.652,91 €
2020	36.903,23	7.749,68 €	44.652,91 €

Segundo.- Autorizar o gasto con cargo á aplicación 453.26.61900 do vixente orzamento municipal.

Terceiro.- De conformidade co artigo 326 e a Disposición Adicional 2ª, apartado 7, da LCSP, nomear aos seguintes membros da Mesa de Contratación permanente do concello de Mesía para a presente contratación:

Presidente: O alcalde, D Mariano Iglesias Castro.

Vogais: D Eladio Bendaña Pardo, secretario-interventor, Dª Inés Sánchez del Río, funcionaria administrativa.

Secretaria: Dª Carmen Blanco Villares, funcionaria administrativa.

Cuarto.- Dispoñer a apertura do procedemento de adjudicación publicando esta resolución e o correspondente anuncio de licitación no perfil do contratante.

En Mesía, mércores 7 de agosto de 2019.

O Alcalde /Presidente,

Mariano Iglesias Castro.